



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 18 de marzo de 2019**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18 de marzo de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11/03/2019, que se aprobou por unanimidade.

**Propuestas**

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2019/1329**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

**a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ALMACENES CELSO MIGUEZ, S.A.	A36005718	592,22 €	18/03/2019	Sí
ARTE Y CERAMICA DE GALICIA S.L	B27712454	287,97 €	18/03/2019	Sí
ASOC. CUL. POLIFONICA VILAXOAN	G36446862	225,00 €	18/03/2019	Sí
ASOC. CULT. MALVEIRAS	G36136679	391,00 €	18/03/2019	Sí
ASOC. OS TERRIBLES DE AROUSA	G36436947	391,00 €	18/03/2019	Sí
AUTOCARES CASTRO CALDELAS, S.L.	B32235897	605,00 €	18/03/2019	Sí
COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	B15467962	6.336,00 €	18/03/2019	Sí
CONST., OBRAS Y VIALES, S.A.	A36008886	2.323,20 €	18/03/2019	Sí
CONTRAPRODUCCIÓN, S.L.	B70217336	2.360,00 €	18/03/2019	Sí



DIEGUEZ, S.L.	B36118222	5.771,70 €	18/03/2019	SÍ
FERNANDEZ CARRIDEGUAS, M <sup>a</sup> ESTHER	52934582J	3.932,00 €	18/03/2019	SÍ
GONZALEZ BOLADO, ARETA	35570775X	2.460,00 €	18/03/2019	SÍ
HOTEL CARRIL, S.L.	B36458271	153,20 €	18/03/2019	SÍ
INTERMACO, S.L.	B36146892	7.591,06 €	18/03/2019	SÍ
MIGUENS MARTIÑÁN, MANUEL	35467734D	850,00 €	18/03/2019	SÍ
SIEIRA GONZÁLEZ, FRANCISCO AGUSTIN	53480111M	4.832,00 €	18/03/2019	SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2019/689

Dáse conta do escrito presentado por **D. Leonardo Zuklevicius Mayo**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia mediante a colocación de un stand para exposición de figuras de ciencia ficción fabricadas artesanalmente, o día 17 de marzo, con motivo do desfile de entroido.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que deberá abonalo no negociado de Rendas.

### PRP2019/1280

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez SL** para a reforma da canalización e fabricación dun pozo areeiro na Estación de bombeo situada en A Concha, co fin de evitar vertidos na zona de praia, por un importe total de 5.771,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2019/1281

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Almacenes Celso Miguez SA** para a reposición do subministro dunha máquina turbina Rigo Gris TMR140 + MRI-AS e Pistola gravidade 3300-GTO EPA SAGOLA, por un importe total de 592,22 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213, para realizar o traballo de pintura de portas en diversos centros educativos.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2019/1282**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Construccións, Obras e Viais SA – COVSA**, para o subministro de emulsión bituminosa ECR-2 65%, para bacheo en diversas zonas (Solobeira, Galáns, Eiviño e Guillán), por un importe total de 2.323,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/1283**

Dáse conta do escrito presentado por D. Eugenio Sánchez Lucas, en representación de **Asociación ALCER**, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa na Praza de Galicia o día 14 de marzo, con motivo da celebración do día mundial do ril.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que deberán axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade a ocupación de vía pública solicitada.

#### **PRP2019/1284**

Dáse conta de escrito da **Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa**, en relación á elaboración polos técnicos municipais do proxecto técnico para a creación na antiga parcela de ALFOGAR dunha infraestrutura destinada ás Escolas Municipais para os Deportes Náuticos e a práctica dos mesmos, no que indican que á vista as discrepancias existentes ente os Técnicos da Autoridade Portuaria e os Técnicos Municipais, insisten na necesidade de que o asunto sexa abordado nunha reunión entre os técnicos das dúas administracións, indicando así mesmo que en próximas datas se poñerán en contacto co Concello para fixar día e hora para o encontro a fin de deixar a cuestión resolta antes do remate da redacción do proxecto técnico, de maneira que se poida continuar o procedemento con plena seguridade xurídica e urbanística sobre os pasos dados ata a data.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/1285**

Dáse conta de informe da Policía Local de resumo estatístico dos sinistros de circulación rexistrados no ano 2018, desprendéndose unha lixeira melloría con respecto ao ano anterior.

- Número de sinistros rexistrados en total, 492 no ano 2017 e 461 no ano 2018.



- Sinistros con vítimas mortais, pasouse de 2 falecidos no ano 2017 a 1 falecido no ano 2018
- Sinistros con feridos graves: 10 no ano 2017 e 9 no ano 2018.

No ano 2017 rexistráronse 110 sinistros con vítimas, dos que resultaron 135 feridos leves e no ano 2018 rexistráronse 119 sinistros con vítimas, dos que resultaron 140 feridos leves, sendo os meses nos que hai mais sinistros con vítimas os de febreiro a outubro e as vías con maior número de sinistros con vítimas Avda. Rodrigo de Mendoza (27 sinistros) e Avda. Doutor Tourón (21 sinistros).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/1286**

Dáse conta de informe da Policía Local dando conta dos controis de velocidade e probas de alcoholemia realizados durante o mes de febreiro:

- Probas de alcoholemia: 25, das que 21 foron con resultado negativo e catro con resultado positivo.
- Controis de velocidade: 12 controis, dos que resultaron 1.802 vehículos controlados e 152 vehículos denunciados, o que supón un 8% de infraccións, sendo as vías con maior porcentaxe de infraccións rexistradas Avda. de Cornazo e Rúa Velentín Viqueira de Carril, cun 11% de infraccións e a Rúa Montinho cun 10%.

En canto a sinistros rexistráronse 5 sinistros con vítimas, todas elas de carácter leve, ningún ferido grave e ningún falecido.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/1287**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Diego Bravo Barros**, solicitando autorización para colocar unhas mesas informativas en Praza de Galicia, en horario de 10:00 a 14:00 horas, os seguintes días:

- Marzo: días 16, 19, 23, 26 e 30.
- Abril: días 2, 6, 9, 13, 16, 20, 23 e 27.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para os días solicitados no mes de marzo citados anteriormente e para os días 2, 6 e 9 de abril, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**Comunicáselle que non se concede autorización para os días 13, 16, 20, 23 e 27 de abril, por coincidir coa Campaña Electoral, que abarca o período do 12 ao 26 de abril de 2019, indicándolle que no caso de interesarlle o citado período deberán realizar a correspondente solicitude ante a Xunta Electoral de Zona de Cambados, por tratarse dun espazo posto a disposición da mesma para actos electorais.**



#### **PRP2019/1288**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Griselda Leonor Marrero Duarte, en representación de **Fundación Agreste Delegación en España**, solicitando a concesión en aluguer do quiosco situado no espazo lateral do Parque de O Cavadelo, na Avda. da Mariña, enfronte do edificio do Xulgado e Policía Nacional, para dedicalo pola citada entidade para a difusión e concienciación de temáticas ambientais.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non é posible acceder ao solicitado, dado que a adxudicación do citado quiosco, de propiedade municipal, debe realizarse mediante unha licitación pública, non podendo proceder á concesión do mesmo directamente.

#### **PRP2019/1289**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa colocación de carteis anunciadores do "II Salón Motor Ocasión Fig-Silleda", nos farois da rotonda da Luz Salgada e rotonda das Mans, na Avda. de AS Carolinas, a un metro do chan, provocando as queixas de peóns e considerando que poden ser perigosas para a circulación de peóns e bicicletas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se proceda á retirada dos mesmos, xa que a instalación deste tipo de publicidade está prohibida sen expresa autorización municipal.

#### **PRP2019/1066**

Dáse conta do informe da Policía Local no que indica que o pasado ano informábase que viñan "producindo problemas de circulación de vehículos de reparto e vehículos de seguridade de condución de caudais na praza de Ravella a causa do toldo colocado por a tenda de lambetadas TEENDULZO, sita en Praza de Ravella 18, da que é titular D<sup>a</sup> PAULA PAZOS CID, este toldo segundo parece, foi autorizado pola Xerencia de Urbanismo e sobrevoa a calzada con 6,70 metros de ancho, 3,10 m de separación da fachada, 1,80 de altura na parte máis baixa do toldo e 2,10 na zona máis baixa da estrutura, o que impide o paso dos camións blindados e algúns vehículos de reparto, obrigándoos a facer manobras perigosas e a adoptar outros percorridos entrando á zona peonil por Rúa Nartallo e Rúa Arapiles (neste momento a sinalización permite entrar para carga e descarga polas dúas rúas), onde existen terrazas e saídas de vaos".

Desde a data do informe 29 de xuño de 2018, a situación é a mesma, salvo que desapareceu a terraza que impedía o paso na esquina de Ramón e Cajal con Ravella, polo que a entrada para carga e descarga e vaos de Ramón e Cajal a podería facerse desde Rúa Nartallo e prohibirse por Juan Carlos I e Ravella, evitando unha nova colisión contra o toldo autorizado.

O lateral da praza de Ravella (entre o 20 e o 28), serviríase desde Juan Carlos I, é dicir, os vaos e a carga e descarga para os establecementos deste tramo da praza (carnicería, pizzería, cafetería.), pero sería conveniente protexer a pequena praza do edificio Piorno (números 24,25 e 26), xa que nesta zona xogan moitos nenos, para isto poderíase utilizar mobiliario urbano que impida a circulación dos vehículos, colocándoos en lugares iluminados para evitar golpes.

Tamén sería necesario para protexer o mencionado toldo e impedir que se comunicasen os dous tramos, mencionados de Praza de Ravella (entrada desde Ramón e Cajal e entrada desde Juan Carlos I), para evitar que a zona peonil utilícase como atallo, colocar mobiliario urbano nas proximidades dos números 18 e 20, cubrindo ambos os lados da fileira central de árbores.

Propónse que se faga unha pequena poda das ramas mais baixas das árbores da praza de Ravella no paso pegado ao xardín, no tramo entre os número 28 e 20 (deixando como mínimo 3,50 m de altura desde o viario), para facilitar o paso aos vaos, xa que na marxe próxima ás vivendas quedaría bloqueado polo mobiliario.



Ademais para evitar que os vehículos poidan tomar velocidade no tramo entre Arapiles e Ramón e Cajal, podería colocarse tamén mobiliario urbano que obrigase aos vehículos para efectuar manobras ( zig- zag), e a reducir por tanto a velocidade, trataríase sobre todo de protexer a saída do paseo do xardín, onde a visibilidade é máis reducida.

Estas modificacións obrigarían aos usuarios dos vaos de Ramón e Cajal a entrar sempre desde as Rúas Arapiles ou Nartallo (se non se impide mediante sinalización ou coa colocación de mobiliario) e aos usuarios dos vaos de Praza de Ravella a entrar sempre por Juan Carlos I. De realizarse estas modificacións, sería conveniente advertir con antelación aos usuarios dos vaos de cal será a súa ruta de entrada e saída e colocar algún elemento de información (podería ser un valo) lembrando que se trata dunha zona peonil e que para carga e descarga non debe bloquearse o paso aos vaos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ás medidas propostas pola Policía Local.

Dar conta á Policía Local e responsable de sinalización (Mario Vázquez).

#### **PRP2019/1290**

Dáse conta de informe da Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa solicitude de colocación de sinais na EP 9601 Cea-Castroagudin (PK 0+000 e 1+163 M.D.), no que indica que como responsables da estrada provincial, procederán a instalar a sinalización de limitación de velocidade da vía. O sinal de inicio de zona urbana S-500 "Vilagarcía de Arousa" non procede e non o instalará.

Así mesmo autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a instalar o sinal informativo de "velocidade controlada por radar móbil" ao límite da aresta exterior da explanación, sen obstaculizar o tráfico peonil nin a visibilidade do tramo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/1291**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Intermaco SL** para subministro de tubaxe para a ampliación de redes de pluviais en Vilar-Bamio, Solobeira e Castroagudin, reparación de tubos de saneamento en Rúa Arousa-Matosinhos, Rúa Pedras-Sobradelo e reposición de tubo de saneamento en A Lagoa, por un importe total de 7.591,06 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210:

- 72 m. tubo SN4 160.
- 168 m. tubo SN4 200
- 168 m. tubo SN4 315
- 96 m. tubo SN4 400

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2019/1106**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música e Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de convocatoria de tres Becas Internship II Festival Internacional de Música ClasClas 2019 dirixidas a fortalecer e ampliar a formación de xoves e novos profesionais no campo de management artístico e da



industria cultural ao tempo que prestar apoio ás tarefas que cada día leva a cabo o equipo do festival.

As becas irán dirixidas a cubrir tres áreas:

- a) Departamento Técnico.
- b) Departamento Artístico
- c) Comunicación e imaxe.

#### **PRP2019/1308**

Dáse conta do informe do Director da Escola de Música en relación coa xustificación ante a Deputación Provincial da subvención concedida ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018 - Liña 2 (Gasto Corrente Novo, por importe de 9.500,00 € para limpeza da Escola Municipal de Música, ascendendo os gastos totais a 10.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a xustificación da citada subvención.

#### **PRP2019/1309**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro:** Autorizar o desprazamento a Madrid da Directora Técnica e do Adxunto á Dirección Artística do Festival Internacional de Música clasclas, **Dona Rosina Sobrido Fernández e D. Pablo Vidal Vázquez**, o xoves 28 de marzo de 2019, co obxectivo de manter unha xuntanza co Director Artístico do Festival, así como de preparar todas aquelas cuestións precisas para o correcto desenvolvemento do Acto de Presentación da II edición do Festival Internacional de Música ClasClas na sede de Hives Pianos en Madrid.

**Segundo:** Autorizar o gasto, por un importe total de 1.101,26 €, coa seguinte desagregación:

- Dona Rosina Sobrido Fernández:

- Axudas de Custo: 140,77 €, con cargo á partida 3261.23020.
- Desprazamento: 180,82 €, con cargo á partida 3261.23120.

- D. Pablo Vidal Vázquez:

- Axudas de Custo: 140,77 €, con cargo á partida 3261.23020.
- Desprazamento: 78,90 €, con cargo á partida 3261.23120.

- Desprazamentos en taxi do Sr. Guy Braunstein en Madrid: 60 €

- Gastos aperitivo que se servirá en Madrid logo da presentación na sede de Hives Pianos: 500,00 €

**Terceiro:** Autorizar os gastos derivados da presentación da II Edición do Festival Internacional de Música ClasClas a celebrar o día 29 de abril de 2019 no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela por un importe total de 1.453,20 €, coa seguinte desagregación:

- Aloxamento de Dona Anastasia Kobekina e a súa pianista acompañante no Hotel Carril, do 28 ao 29 de abril de 2019 en dúas habitacións individuais en réxime de media pensión, por un importe total de 153,20 €, con cargo á partida 3261.22606, conforme ao orzamento de Hotel Carril SL.

- Compensación de gastos de desprazamento, aloxamento e manutención da Sra. Anastasia Kobekina, por importe de 900 €, a aboar mediante cheque bancario.

- Aboamento gastos derivado do catering en Santiago de Compostela por un importe máximo de 400 € a Borja González Gallego.

**Cuarto:** Autorizar a provisión de fondos a favor de Dona Luz María Abalo Pérez, por un importe de 1.860,00 € para facer fronte aos seguintes gastos:

a) Gastos estimados do aperitivo que se servirá en Madrid logo da presentación na sede de Hives Pianos: 500 €, con cargo á partida 3261.22601.



- b) Gastos estimados dos desprazamentos en taxi do Sr. Guy Braunstein en Madrid: 60 €, con cargo á partida 3261.223.
- c) Gastos derivados da compensación de desprazamento, aloxamento e manutención da Sra. Anastasia Kobekina e da súa pianista e acompañante por importe de 900,00 €, con cargo á partida 3261.22606.
- d) Gastos derivados da contratación do catering en Santiago de Compostela a Borja González Gallego por un importe de 400,00 € máximo, con cargo á partida 3261.22601.

#### **PRP2019/1310**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Clarinete a impartir pola clarinetista Dona Dana Barak, os días 24 e 25 de abril de 2019, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes e sen custo económico para o Concello.

#### **PRP2019/1311**

Dáse conta da relación de premiados/as como mellores lectores/as-usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da Rede Municipal de Bibliotecas, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector, S.L.** por importe de 409,78 € con cargo á partida 3321.48100, por un lote de libros adaptado ás distintas idades dos rapaces premiados.

Propón a data de entrega de premios o día 2 de abril, con motivo da conmemoración do “Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil”, nas dependencias da Biblioteca Municipal.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **Sanidade**

#### **PRP2019/1312**

Dáse conta da solicitude de **D. Juan Manuel Muñiz Álvarez**, titular da licenza municipal de auto-taxi nº 24, para substituír o vehículo adscrito ó servizo, matrícula 3771JCJ, polo de nova adquisición, matrícula 6386KTY.

Dado que a documentación presentada, cumpre os requisitos esixidos no art. 21 do vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase aprobar a proposta de resolución da substitución solicitada, polo vehículo de sete prazas, cor branca, marca PEUGEOT, Modelo TRAVELLER BUSINESS VIP, con 13.3 CV e nº de bastidor VF3VEEHZ8KZ006631.

A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.

### **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

#### **Medio Ambiente**

#### **PRP2019/1316**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.)**, a retirada anual e





xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 180 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións valorizables, resultando un importe total estimado de 6.336,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Consumo**

#### **PRP2019/1249**

Vista a proposta da Directora do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias – SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Arte y Cerámica de Galicia SL** para o subministro de material para a realización dun obradoiro de axulexos (azulexos, esmalte, e engobe de diversas cores) no Parque Miguel Hernández o día 14 de abril, con motivo da conmemoración o 15 de abril do día Mundial das Artes, por un importe total de 287,97 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2019/1128**

Vista a solicitude de Dona Dolores Couso Rodríguez, en representación de **Asociación Comisión de Festas do Carmen e do Rosario de Vilaxoán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración con motivo da celebración do Entroido en Vilaxoán os días 8 e 9 de marzo:

- Manuel Miguéns Martiñán, servizo de catering, por un importe de 850,00 € (IVE incluído)
- Actuación de Os Terribles de Arousa por un importe de 391,00 € (IVE incluído).

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/1129**

Vista a solicitude de Dona Lourdes Durán Perez, en representación de **CAD Gato Negro de Carril**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración con motivo da celebración do Enterro da Sardiña en Carril o día 10 de marzo:

- Autocares Castro Caldelas SL, polo servizo de autobús para o traslado dende Pobra de Trives do “Folión Os Labregos”, por un importe de 605,00 € (IVE incluído)
- Actuación do Grupo de Gaitas da Asociación Cultural Malveiras, por un importe de 391,00 € (IVE incluído).

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/1317**

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación para a posterior sinatura dos contratos coas distintas compañías teatrais dentro da programación do 1º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2019, con un importe a asumir polo Concello con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

COMPANÍA	CIF	ESPECTÁCULO	DÍA	IMPORTE
CONTRAPRODUCCIÓN SL	B70217336	A Compañeira de Piso	16-03-2019	2.360,00 €
ARETA GONZÁLEZ BOLADO	35570775K	Elisa e Marcela	30-03-2019	2.460,00 €
FRANCISCO AGUSTÍN SIEIRA GONZÁLEZ	53480111M	Entresóns	13-04-2019	4.832,00 €
Mª ESTHER FERNÁNDEZ CARRODEAUGAS (BUTACAZERO)	52834582J	Camiños	04-05-2019	3.932,00 €

#### **PRP2019/1319**

Vista a solicitude de Dona Mónica Castro Chaves, en representación de **ANPA CEE Vilagarcía de Arousa** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 8 de xuño de 2019, durante todo o día, para a celebración dun Concerto do Grupo Son de Sil , debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar con, 72 horas de antelación, póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2019/1320**

Vista a solicitude de **Dona Manuela Ferreirós Robado**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de Corpus na Parroquia de San Martín de Sobrán o vindeiro día 23 de xuño de 2019:

- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán, por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios



segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/1321**

Vista a solicitude de Dona Mónica Santos Bóveda, en representación da **Asociación BATA**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, os días 6 de abril, 4 de maio e 19 de outubro de 2019, para a celebración de varios eventos con motivo do 30 Aniversario da citada Entidade (Obra de Teatro, Videoforum e Gala do 30 Aniversario), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar con, 72 horas de antelación, póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

#### **PRP2019/1322**

Vista a solicitude de D. Jacob Ventoso Leiro, en representación de **Colexio San Francisco (Fundación Educativa Franciscanas Ana Mogas)**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 17 de decembro de 2019, para a celebración do Festival de Nadal do Colexio, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar con, 72 horas de antelación, póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2019/1323**

Vista a solicitude de D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, como Director de **Cáritas Interparroquial de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 1 de decembro de 2019, durante todo o día para a celebración do Festival de Panxoliñas, debendo asegurarse do cumprimento das



normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar con, 72 horas de antelación, póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2019/1324**

Vista a solicitude de Dona Iria Rey Viqueira, en representación da **Asociación Cultural Perla de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 21 de decembro de 2019, durante todo o día, para a celebración do Festival de Nadal da Asociación, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Deberá aportar con, 72 horas de antelación, póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado, xa que a póliza aportada ten data de vencemento de 01-10-2019.

Concédesese autorización para a gravación do evento, debendo axustarse ás seguintes condicións:

coas seguintes condicións:

1º.- Deberá contar coa autorización dos intérpretes tanto para a gravación como para a súa posible emisión ou difusión audiovisual.

2º.- Será responsabilidade da solicitante a obtención de calquera outra licenza que sexa preceptiva, así como o aboamento dos dereitos que correspondan a terceiros pola gravación e posible emisión do acto.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2019/1325**

Vista a solicitude de D. Antonio Caeiro Rodríguez, en representación de **AC O Faiado da Memoria**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 11 de abril de 2019, en horariode 20:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha serie de actividades, xunto a ICMH, con motivo da inauguración da 3ª Placa do "Roteiro de memoria Democrática", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a



utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar con, 72 horas de antelación, póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

### **PRP2019/1326**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar o contrato menor de servizos de “Coordinación de seguridade e saúde das obras de Renovación Urbana Entorno Matosinhos 2ª Fase”, a **Dona María Anido Herranz** por importe (IVE excluído) de 3.310,62 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 695,23 € o que totaliza un prezo de adjudicación (IVE engadido) de 4.005,85 € con cargo á partida 150.640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/1327**

Dáse conta do expediente de contratación CT 117/2018-E tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria para adjudicar as obras incluídas no Proxecto denominado “Renovación Urbana do Entorno de Matosinhos 2ª Fase”, cun orzamento de licitación de 502.000,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.

OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.

HORDESCON, S.L.

MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.

INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L.

EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.

SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.

CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

